



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Alcaldía

Praza Havela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 565 820 - F 986 511 012  
CIF: P/3606000 B  
alcaldia@vilagarcia.es - www.vilagarcia.es

En Vilagarcía de Arousa, a 2 de setembro de dous mil vinte, ante mín, Dona Rosa Losada Suárez, Secretaria Xeral do Concello,

**COMPARECE**

D. Alberto Varela Paz, provisto do D.N.I. 35461107Y, actuando como Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa

D. Wenceslao González-Garra Gonzalez, provisto do D.N.I. 50840120T, con domicilio a efectos notificadores na rúa Hermosilla número 95-4ºC, no termo municipal de Madrid, actuando no seu propio nome e dereito, e como mandatario verbal de dona Celia González-Garra González.


Dona Celia González Pérez, provista do D.N.I. 02136226D, con domicilio a efectos notificadores na rúa Príncipe de Vergara número 36, no termo municipal de Madrid, actuando no seu propio nome e dereito e en nome e representación de dona Celia González-Garra González, segundo apoderamento outorgado ante o Notario de Carboneras (Almería), dona Patricia María Valverde Muñoz, noa datao do 15 de xullo de 2020, co número 392 do seu protocolo, e que manifesta está en vigor.

Don Avelino Barreiro Morofío, provisto do D.N.I. 35463485S, con domicilio a efectos notificadores na rúa Castelao, 17-baixo, de Vilagarcía de Arousa, actuando como xestor dos bens dos propietarios.

**EXPOÑEN**

I. Que dona Celia e don Wenceslao González-Garra González, son propietarios en metade e proindiviso dun solar sito na rúa Alfredo Brañas número 5 do concello de Vilagarcía de Arousa (en adiante O SOLAR) que conta cunha superficie de 8.544 m<sup>2</sup>, con referencia catastral 8748904NH184N, sendo dona Celia González Pérez usufrutuaria dunha parte da mesma (todos eles en adiante A PROPIEDAD).

*Celia González*







Dende o concello considérase de gran utilidade poder utilizar esa parcela como zona de aparcamento e o seu uso como tal non entraría en contradición coa clasificación da parcela, pois a ordenanza prevé como uso complementario o de aparcamento.

III. Os comparecentes manifiestan no presente acto que a parcela se atopa libre de cargas e gravames, achegando certificación de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade, acreditando tal extremo.

IV. O Alcalde Presidente en representación do Concello comprométese ao acondicionamento do terreo descrito para que poida ser utilizado temporalmente como aparcadoiro.



V. Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente con facultades bastantes para este outorgamento

Polo exposto, e en mérito da utilidade pública que conleva

#### ACORDAN:

**PRIMEIRO.-** Don Wenceslao González Garra González e nome propio e na representación que ostenta, manifesta no presente acto a súa vontade de alugar por 2 anos, e pola contía anual de 1.200,00€, ao Concello de Vilagarcía de Arousa, a parcela á que se fai mención no expoñendo II anterior, para a súa utilización como aparcadoiro. O devandito aluguer concretarase no correspondente contrato de alugueiro que se formalizará posteriormente. O concello de Vilagarcía de Arousa asume a responsabilidade civil de calquera acontecemento que puidese suceder no SOLAR no período que o mesmo estea baixo o uso e disfrute do concello de Vilagarcía de Arousa, obrigándose o mesmo á realización dos actos necesarios para arranxar os problemas que puideran xurdir así como asumindo as indemnizacións que puideran nacer pro feitos acaecidos no devandito SOLAR durante o período de vixencia deste contrato, que non sexan consecuencia directa das accións de condutores ou peóns, tendo en conta que se dará ao solar o uso de aparcamento público, gratuito e non vixiado, non obstante ó anterior, exímese de toda responsabilidade a PROPIEDAD.

*Wenceslao González*







**SEGUNDO.** – A PROPIEDAD autoriza, expresamente ó Concello de Vilagarcía de Arousa para realizar, na finca obxecto do alugueiro, e as súa propias expensas, cantas actuacións sexan precisas para acondicionala como aparcadoiro en superficie, que basicamente consistirán en: limpeza, desbroce e recheo de gravilla (ou outro material similar), quedando as melloras realizadas na mesma, en beneficio da finca e pasando a ser propiedade dos seus titulares, sen custe nin cargo algún unha vez extinguido o alugueiro.

O Concello de Vilagarcía de Arousa podería instalar un pechamento perimetral conforme á alineación marcada polo PXOM.

**TERCEIRO.**– A propiedade da parcela citada, cun preaviso de 2 meses de antelación á finalización do contrato, recuperará o uso exclusivo da mesma ós 2 anos, contados dende a sinatura do contrato de alugueiro. Si transcorrido dito prazo o Concello de Vilagarcía de Arousa non desocupou a finca poñéndoa a disposición da propietaria, deberá aboar como cláusula penal a cantidade de douscentos cincuenta euros (250,00 €) por cada un dos días naturais que persista ou continúe na ocupación da mesma.

En todo caso, o Concello de Vilagarcía de Arousa á finalización do contrato, deixará libre e vacua a parcela e retirará as obras de acondicionamento realizadas no interior da mesma, a petición da propiedade.

**CUARTO.**– O Concello incorporará aos traballos de revisión do PXOM o convenio urbanístico asinado o día 10 de marzo de 1997, cos Señores González-Garra González, en relación coa finca descrita neste documento.


No suposto de que a revisión do PXOM non estivera aprobada definitivamente antes do prazo pactado para o seu arrendamento (2 anos), o Concello comprométese a incoar unha Modificación do mesmo no que se constate:

- A supresión do desenvolvemento mediante sistema de actuación por compensación.

*Elija González*



*[Firma]*








- Innecesiedade de desenvolvemento edificatorio mediante Estudo de Detalle, ó non constar tal extremo no Convenio Urbanístico suscrito no ano 1997, ni ser requisito esixible na Ordenanza de aplicación R-1.


Dito compromiso, en canto ó seu efectivo cumprimento dependerá ademais do Excmo. Concello de Vilagarcía, da Consellería competente en materia de urbanismo, da cal depende o informe favorable da potencial modificación puntual, así como a súa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** Ós efectos de non prexudicar unha potencial transmisión do SOLAR, a propiedade poderá rescindir o contrato de arrendamento co concello de Vilagarcía de Arousa, sempre que transcurra ó mesmo un ano desde a súa suscripción, comunicando tal circunstancia ó arrendatario, mediante conducto fehaciente cunha antelación mínima de 2 meses. Transcorrido dito prazo, se o Concello de Vilagarcía non desocupa o SOLAR, poñendo a disposición da PROPIEDAD, deberá aboar en concepto de cláusula penal a cantidade de douscentos cincuenta (250,00) euros, por cada DOUS días naturais que persista o continúe na ocupación da mesma.

**SEXTO.-** Durante a vixencia do contrato de alugueiro, o concello será responsable dos prexuízos causados a terceiros pola utilización do aparcamento de uso público, gratuito e non vixiado que non sexan consecuencia directa das accións dos condutores ou peóns, eximindo desa responsabilidade á propiedade

En proba de conformidade co contido do presente documento, asinan os comparecentes o mesmo, no lugar e data ó principio consignados, ante min, a Secretaria Xeral do Concello, que dou fe.

  
O Alcalde Presidente  
D. Alberto Varela Paz

  
A Secretaria Xeral  
Doña Rosa Losada Suárez

*Celia Torreles*







Asdo. Don Wenceslado González-Garra  
González

Asdo. Dona Celia González Pérez

*Celia González Pérez*

Asdo. Don Avelino Barreiro Moroño

